

O terrorismo en España



PROXECTO EDUCATIVO "MEMORIA E PREVENCIÓN DO TERRORISMO". UNIDADE DIDÁCTICA Nº 1

EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do Terrorismo. Ministerio do Interior

Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa. Ministerio de Educación e Formación Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

DESEÑO

Dr. Drumen

TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

FOTOGRAFÍAS

Agencia EFE

Fidel Raso/Diario 16

Luis Alberto García/El País

Arquivo de El Correo

Garda Civil

Arquivo do Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo

Archivo Municipal de Bilbao-Bilboko Udal Artxiboa (AMB-BUA)

Fondo de La Gaceta del Norte

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación Profesional: 847-20-236-2



Esta unidade didáctica preséntase como un instrumento completo que poñemos ao dispor do docente para que a poida traballar directamente na aula. Terá na súa man todo o contido, así como a aplicación didáctica, tal e como se elaboraría para ser introducida nun libro de texto. Primeiramente, inclúese o traballo que se debe realizar en cada unha das sesións para as que foi proxectada. Ao final está a proposta didáctica completa para poder incluíla sen necesidade de modificacións dentro da programación da materia.

O desenvolvemento dos contidos acompaña-se dunha presentación para ser proxectada no caso de que non se queira usar o material fotocopiado para o alumnado.

ÍNDICE

SESIÓN 1 04

Limiar

Que é o terrorismo?

Actividade: investigación sobre un secuestro terrorista

SESIÓN 2 10

A ditadura franquista

Actividade: testemuños de Jesusa Ibarrola e Fermín Garcés Hualde

SESIÓN 3 16

A transición democrática

Actividade: texto de Conchita Martín

SESIÓN 4 22

A democracia

Actividade: entrevista a Juan Carlos Cabrero Rojo e testemuño gravado de María Luisa Pérez

PARA SABER MÁIS 32

Recursos en liña

Bibliografía

ORIENTACIÓNS PARA TRABALLAR OS MATERIAIS 36



SESIÓN


01



Nesta primeira sesión inclúese unha introdución sobre o terrorismo como fenómeno actual. A continuación clasifícanse os grupos terroristas que actuaron en España de acordo cos seus principios ideolóxicos.

Nesta sesión proxectaranse as diapositivas ou entregaranse as fotocopias correspondentes. Propoñemos que os alumnos copien no seu caderno o resumo das características fundamentais do terrorismo e que definan co seu propio vocabulario as palabras e frases destacadas. Tamén deberán anotar no seu caderno os tipos de grupos terroristas que hai ou houbo e as súas características principais.

Como actividade final vaise propor un traballo de investigación sobre o secuestro como arma terrorista.



Copia dunha carta de extorsión enviada por ETA a un empresario en 1990.
Fonte: Arquivo do Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo.

LIMIAR

O terrorismo marcou de maneira trágica a historia recente de España, desde os anos sesenta do século XX. Nesta unidade didáctica analizaremos primeiro en que consiste tal fenómeno. Despois introducirémonos na súa evolución durante tres fases diferentes:

A ditadura franquista

A transición á democracia

O período democrático

O terrorismo incide sobre diferentes áreas:

A política: o terrorismo viola os principios democráticos, xerando un medo que reduce as posibilidades de participación política libre e igual.

A economía: os atentados orixinan custos materiais e de seguridade.

A sociedade: o terrorismo deteriora a convivencia ao atacar os dereitos humanos máis elementais.

E, sobre todo, o terrorismo afecta **as súas vítimas:** as persoas asasinadas, feridas, secuestradas, extorsionadas e ameazadas, así como a súa contorna (familia e amigos).

AS VÍTIMAS SON A
CONSECUENCIA MÁIS
TRÁXICA DO EMPREGO
DA VIOLENCIA.
A SÚA MIRADA
ACOMPAÑARANOS
AO LONGO DE TODO
ESTE CAMIÑO POR
MEDIO DA LECTURA
DE TESTEMUÑOS COAS
SÚAS EXPERIENCIAS.

QUE É O TERRORISMO?

Do mesmo xeito que acontece con outros fenómenos complexos, existen diferentes definicións de terrorismo. Entre os especialistas non se chegou a un consenso sobre que é o terrorismo, pero subliñase en case todos os casos que estamos ante unha ferramenta para impor pola forza un determinado proxecto político, para o que se trata de infundir medo nos opoñentes. Resumimos os seguintes elementos do terrorismo:

VIOLENCIA CLANDESTINA

O terrorismo actúa de forma secreta ou oculta para eludir a acción da xustiza. A clandestinidade provoca á súa vez un maior illamento e radicalismo do grupo.

XERA UN CLIMA DE TERROR

A etimoloxía da palabra indica que terrorismo vén de terror, que é precisamente o que se pretende provocar mediante este recurso: un medo intenso entre os rivais.

BUSCA IMPOR OBXECTIVOS POLÍTICOS

Detrás do terrorismo hai un proxecto de poder, dirixido contra algunha institución ou organización á que se pretende someter mediante o uso da forza.

IMPACTO PROPAGANDÍSTICO

Os grupos terroristas aproveitan o impacto que provocan os seus atentados para difundir as súas esixencias.



Decenas de persoas mostran as súas mans brancas durante a manifestación que, baixo o lema «Coas vítimas, coa Constitución, para a derrota do terrorismo», foi convocada en Madrid o día seguinte dos atentados do 11-M de 2004. Fotografía: Juanjo Martín/Agencia EFE.

O terrorismo afectou en distinto grao a todos os países da nosa contorna. En España actuaron organizacións terroristas de diferentes ideoloxías:

NACIONALISTAS RADICAIS

Pertence a esta tendencia a banda terrorista máis sanguenta e lonxeva. Trátase de ETA, *Euskadi Ta Askatasuna* (País Vasco e Liberdade). As diferentes pólas desta organización son responsables da morte de máis de 800 persoas entre 1968 e 2010, dentro dunha campaña violenta cuxo principal obxectivo era a independencia do País Vasco. Ademais, en Cataluña os membros de EPOCA (tres vítimas mortais) e *Terra Lliure* (unha), en Galicia os do *Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive* (dúas) e en Canarias os do MPAIAC (unha), quixeron emular a ETA.

ULTRADEREITA

O terrorismo deste tipo estivo fragmentado en diferentes organizacións: BVE, *Batallón Vasco Español*, *Triple A* (Alianza Apostólica Anticomunista) ou GAE, *Grupos Armados Españoles*. As súas principais metas eran o regreso a unha ditadura como a franquista e responder a ETA cun terrorismo de signo oposto. Atribúenselles uns 60 asasinatos entre 1975 e 1982.

EXTREMA ESQUERDA

O principal expoñente desta categoría foron os GRAPO, *Grupos Revolucionarios Antifascistas Primero de Octubre*. Fundados en 1975, permaneceron en activo ata a primeira década do século XXI. Pretendían instaurar pola forza unha república socialista en España. Son responsables de ao redor de 80 asasinatos.

XIHADISTAS

O seu obxectivo é implantar un califato baixo unha interpretación ortodoxa da xariá, a lei islámica. En España o primeiro atentado desta orientación tivo lugar en 1985 no restaurante El Descanso. Células xihadistas vinculadas a Al Qaida causaron o maior masacre terrorista da nosa historia: os ataques do 11 de marzo de 2004 en Madrid, cun balance de 193 vítimas mortais e centos de feridos. Máis recentes son os atentados de Barcelona e Cambrils, cometidos o 17 de agosto de 2017, cun balance de 16 persoas mortas e máis dun centenar de feridos. Estas accións terroristas mostran que a ameaza xihadista segue presente en España, do mesmo xeito que noutros moitos países.

Unha vez sabemos que é o terrorismo podemos preguntarnos: de que maneira afectou en España ao longo de diferentes etapas históricas? Non é o mesmo situarnos no contexto da ditadura franquista que nos anos da democracia e ambas as fases son distintas da transición.



O 12 de abril de 1985 un artefacto explosivo destruiu o restaurante El Descanso, provocando 18 vítimas mortais e numerosos feridos. Fotografía: Mondelo/ Agencia EFE.



ALDAYA
LIBERTAD
TRAS PAGAR

Pintada contra José María Aldaya, empresario secuestrado por ETA, sobre o muro dun colexio. Os terroristas esixían un rescate a cambio da liberdade de Aldaya. Bilbao, 1995. Fotografía: Fidel Raso/Diario 16.

ACTIVIDADE

Investigación sobre un secuestro terrorista

Busca información sobre algún secuestro terrorista. Trae á seguinte clase algún recorte de prensa sobre eses feitos. E logo fai preguntas concretas: quen foi a persoa secuestrada, cando, onde e quen a capturou, que esixían a cambio, que iniciativas saíron da familia e dos seus amigos para tentar liberalo...

Atopaches algunha fotografía súa?

SESIÓN

02



Nesta segunda sesión imos comezar o desenvolvemento cronolóxico do terrorismo en España centrándonos na época de Franco. Será preciso facer unha breve introdución histórica, que resumirá os contidos da unidade didáctica sobre o franquismo, se é que xa se impartiu. É necesario situar o nacemento do terrorismo como fenómeno moderno dentro dun contexto europeo de reivindicación violenta de ideoloxías extremistas. A continuación, trataremos as primeiras accións de ETA.

No apartado de actividades ofrécense fragmentos de dúas entrevistas recentes: á nai da nena que foi a primeira vítima mortal do terrorismo en España; e ao camioneiro que tentou impedir o asasinato do garda civil José Pardines, a primeira vítima de ETA. Despois expóñense unhas cuestións para que os alumnos as recollan no seu caderno e propónse un traballo sinxelo e ilustrado sobre as formas de conmemorar as vítimas do terrorismo.



Begoña Urroz Ibarrola e seus pais, Juan e Jesusa, nunha fotografía do seu bautismo. Fotografía: Internet, vía El País.

A DITADURA FRANQUISTA

O franquismo prolongouse entre 1939 e 1975, dende o final da guerra civil ata a morte do ditador Francisco Franco. A situación de falta de liberdades afectaba a todos os españois, especialmente a aqueles non afectados á ditadura. Esta caracterizábase polo nacionalismo español sen concesións, o culto ao «Caudillo» (Franco), o réxime de partido único (o Movemento Nacional) e o nacionalcatolicismo, entre outros aspectos.

Tras o final da Segunda Guerra Mundial en 1945, Europa coñeceu un pe-

ríodo de prosperidade. As ditaduras de España, Portugal e Grecia supuñan unha excepción no contexto occidental, onde se asentaron as democracias. Nas décadas de 1960 e 1970, algunhas ideoloxías extremistas volveron defender o uso da violencia en política para alcanzar os seus obxectivos. Ocorreu así tanto en países democráticos como noutros con ditaduras. Entre os primeiros, por exemplo, en Italia xurdiron organizacións terroristas de ultraesquerda como as Brigadas Vermellas e de extrema dereita como Orde Nova, que pretendía reinstau-

rar unha ditadura fascista. No Reino Unido reapareceu o IRA, Exército Republicano Irlandés, que a finais dos anos sesenta iniciou unha campaña terrorista para expulsar os británicos de Irlanda do Norte. O IRA é a organización terrorista que causou máis vítimas mortais en Europa: máis de 1.700. No seu lado oposto, entre as organizacións terroristas partidarias de que Irlanda do Norte seguise pertencendo ao Reino Unido estaba a UVF, Forza Voluntaria do Ulster, que matou sobre 500 persoas desde 1966 ata a década de 1990.



Un artefacto explosivo colocado por ETA custoulle a vida ao presidente do Goberno de España, Luís Carrero Blanco, ao seu escolta, Juan Antonio Bueno, e ao condutor do vehículo, José Luis Pérez. Lugar onde se produciu o atentado, na esquina das rúas Maldonado e Claudio Coello de Madrid (20/12/1973). Fotografía: Agencia EFE.

En ditaduras como a franquista tamén xurdiron diferentes organizacións terroristas. A primeira vítima mortal do terrorismo en España foi a nena Begoña Urroz en 1960. Foi alcanzada nunha estación de tren de Donostia pola explosión dunha bomba que colocara o DRIL, *Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación*. Ademais, antes da morte de Franco naceron os GRAPO,

de inspiración ultraesquerdista, e ETA, de ideoloxía nacionalista vasca radical. Tras romper co PNV, ETA foi fundada en 1958. A súa primeira vítima mortal foi o garda civil de tráfico José Pardines Arcay, en 1968.

ETA quixo así iniciar unha espiral de violencia, consistente, primeiro, en cometer atentados; segundo, provocar

a resposta agresiva da ditadura; e terceiro, xerar unha corrente de simpatía cara á súa causa entre a poboación vasca e navarra. Poucos previron entón que o terrorismo continuaría tras a ditadura, con maior intensidade que durante a mesma.

Contra o que ás veces se sostivo, a aparición do terrorismo non foi unha

consecuencia inevitable da existencia dunha ditadura en España. Xa vimos que o devandito xurdiu nesas mesmas datas tamén en países democráticos da nosa contorna. Ademais, a gran maioría dos partidos e sindicatos da oposición antifranquista non recorreron ao asasinato contra a ditadura, senón a ferramentas pacíficas como as folgas, a propaganda ou as manifestacións. O terrorismo foi o instrumento dunha minoría que provocou consecuencias irreversibles. No caso de ETA, matou 43 persoas entre 1968 e 1975.

Contrariamente, esa opción polos métodos violentos fixo que os terroristas se pacesen ao réxime ao que dicían enfrontarse. O terrorismo deshumaniza, provoca vítimas, e por iso nunca ten unha xustificación moral. Todas as vítimas do terrorismo son inocentes: non mereceron o dano que lles causaron.



Enterro de José Pardines en Malpica de Bergantiños (A Coruña), xuño de 1968. Fotografía: Europa Press/AMB-BUA, Fondo de La Gaceta del Norte.

ACTIVIDADE

Testemuños de Jesusa Ibarrola e Fermín Garcés Hualde

Preséntanse para a súa lectura e comentario dous testemuños. En primeiro lugar, o testemuño de Jesusa Ibarrola, nai de Begoña Urroz, a nena de 22 meses falecida en 1960 que é considerada a primeira vítima mortal do terrorismo en España.



Fermín Garcés Hualde, condecorado no 75o aniversario do Servizo de Información da Garda Civil. Valdemoro, 22/04/2016. Fotografía: Garda Civil.

«Unha tía miña, Soledad Arruti Etxegoyen, traballaba na consigna da estación de Amase, en Donostia. Eu adoitaba ir axudala para gañarme unhas pesetiñas. Aquel día deixei a miña nena con ela mentres eu ía a un comercio próximo mercarlle uns zapatíños para ir a Navarra. Cando volvíñ, había unha lea tremenda. Estalara unha bomba! A miña filla estaba abrasada e outras persoas, entre elas a miña tía, feridas. Foi horrible. [...] Miña tía Soledad estaba ferida e non podía traballar. Así que eu suplina ata que se repuxo. Durante aquel tempo, eu non deixaba que ninguén metese unha maleta na consigna se antes non a abría e amosaba o seu contido. A xente queixábase e preguntábame por que tiña que facer iso. Se alguén se resistía, uns gardas viñan revisar a equipaxe».

El País, 31 de xaneiro de 2010.

Tamén se propón a lectura dunha parte da entrevista a Fermín Garcés Hualde, camioneiro que se converteu o 7 de xuño de 1968 en testemuña involuntaria do primeiro crime a sangue frío de ETA. Baixouse do seu camiión e encarou os asasinosa de José Pardines Arcay:

«O que vin e o que pasei non se me esquecerá na vida. Viña de Francia a Madrid, Alcorcón, e ao chegar a Villabona botáronnos por un desvío. A medio quilómetro había un garda civil de tráfico. Pasei e ao quilómetro de deixar o garda cheguei a unha xesería. A 15 metros vin un garda civil con dous mozos novos que estaban a falar mentres o garda miraba o coche. A uns dez metros, oín un disparo “Bang!” Crin que fora a béstia de puño porque cando rompe pega un peido como o tiro dunha pistola.

Mirei adiante e vin como caía o garda morto ao chan. Tireime do camiión a por eles, que lle deron catro tiros máis ao garda. Este puxera a súa moto diante do coche dos mozos. Un deles tirou a moto e foron cara ao seu coche. Eles tiñan dous metros e eu dez, pero tiña 37 anos e cheguei a tempo. Collín do ombreiro a Sarasketa, que foi o que sentou ao volante, e díxenlles: “Quietos, asasinados, bandidos, quietos aquí”. Tentei sacalo pola xanela do Seat 850, pero Etxebarrieta púxome a pistola na cabeza (fai o xesto) e tiveron que deixalo.

Entón saín disparado do coche e fun cara ao meu camiión, por se acaso me disparaban».

ACTIVIDADE PROPOSTA

Preguntas sobre os fragmentos: Por que cres que a nai de Begoña tardou case 50 anos en falar publicamente da morte da súa filla? Pescuda como cambiou a vida de Fermín Garcés tras ser testemuña do asasinato de ETA.

Desde 2010, cada 27 de xuño, no aniversario da morte de Begoña Urroz, celébrase en España o Día das Vítimas do Terrorismo. Que outras maneiras se che ocorren para conmemorar as vítimas do terrorismo? Coñeces algún lugar de memoria dedicado ás vítimas do terrorismo no teu pobo ou cidade, ou nas súas proximidades? No caso de que a resposta sexa si, propoñémosche que o visites, que saques unha foto ou que busques información por Internet. Descríbeo. Pregunta que é o que representa, que simboloxía ten, cando foi creado, quen o deseño, de quen partiu a iniciativa, como foi a inauguración. Que sentimentos e emocións tiveches a velo?

SESIÓN 03



ESTAMOS HARTOS DE
VIOLENCIA Y ASESINATO

PARTIDO SOCIALISTA DE EUSKADI

A terceira sesión comeza cun repaso histórico da transición en España. A organización terrorista ETA segue a ter o maior protagonismo, á que se unen os GRAPO e grupos de extrema dereita.

No apartado de actividades, o fragmento elixido procede dun texto publicado na páxina web do Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo, escrito por Conchita Martín, viúva do tenente coronel Pedro Antonio Blanco, asasinado por ETA. Ademais de actividades para realizar en clase, expónse un exercicio que deberá ser realizado como tarefa na casa ou ben empregar unha aula de informática durante o tempo da clase. Neste último caso deberá abreviarse o exercicio co texto.

A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA

En novembro de 1975, a morte de Franco abriu en España un período de incerteza e de esperanza. A ditadura durara 40 anos, durante os cales Franco exerceu o poder de forma autoritaria. Os seus fieis querían que o réxime fundado por el continuase despois do seu falecemento. Con todo, a maioría da poboación quería un cambio para que España deixase de ser unha excepción ditatorial no marco europeo.



Vista dende o interior do bar La Parra do paseo barcelonés de Fabra i Puig, onde se aprecian nunha das súas xanelas os disparos producidos por dous membros dos GRAPO contra os gardas civís Justiniano Fernández Pesado e Francisco Montenegro Jiménez, causándolles a morte mentres tomaban un café no seu interior (Barcelona, 4/05/1981). Fotografía: Agencia EFE.

A democracia buscada por esa maioría implicaba, entre outras cousas, que o Estado posuiría o monopolio do uso da violencia e o exercería respectando as leis, á cabeza das cales debía estar unha Constitución.

A partir de 1976 iniciouse un proceso de desmantelamento das institucións do réxime franquista e de paulatina construción das liberdades. Grazas a sucesivos indultos e amnistías, a finais de 1977 saíran do cárcere todos os presos políticos e tamén os pertencentes a organizacións terroristas como ETA ou os GRAPO, incluíndo os acusados de asasinatos. Así mesmo, os crimes cometidos en nome do réxime franquista

quedaron amnistiados. Queríase así superar un pasado de violencia en favor de principios moi presentes nese momento, como a reconciliación e o consenso. Con todo, quen apostara polo terrorismo negouse a deixar de matar.

A Constitución española, base do novo sistema de dereitos e liberdades, foi aprobada en referendo pola cidadanía en decembro de 1978. Nos seguintes anos foi desenvolvéndose o Estado das autonomías, grazas á aprobación dos estatutos de autonomía das diferentes nacionalidades e rexións. A descentralización viña substituír a anterior uniformidade política e cultural do franquismo.



*Artificieiro da Garda Civil inspecciona unha zona da estrada nacional 340 en Estepona (Málaga), ante unha ameaza de bomba de ETA (30/06/1980).
Fotografía: AMB, Fondo de La Gaceta del Norte.*





Primeira manifestación contra un atentado de ETA durante a transición, en Portugalete (Biscaia), 28/06/1978. Esa mañá ETA matara o xornalista José María Portell. Os non moi numerosos asistentes, convocados polo Partido Comunista, portan unha pancarta na que se le: «Estamos fartos de violencia e asasinatos». Fotografía: AMB, Fondo de La Gaceta del Norte.

Unha minoría quixo desestabilizar este proceso de construción da democracia para impoñer ao resto as súas ideas mediante a forza. Por unha banda, nostálxicos do franquismo tentaron volver á ditadura e atacaron os dereitos que se ían conquistando, como a liberdade de expresión. Por exemplo, en 1977 a *Triple A* enviou un paquete bomba á redacción da revista satírica *El Popus*, asasinando o conserxe Joan Peñalver. Doutra banda, os GRAPO, pretendieron facer a súa particular revolución mediante as armas e asasinaron numerosos policías, gardas civís, empresarios...

A principal ameaza terrorista contra a nascente democracia foi ETA, a organización máis mortífera e a que contou cun maior apoio, centrado ao redor da coalición electoral HB, *Herri Batasuna* (Unidade Popular). A contorna que xustificaba e protexía a ETA foi clave para a súa persistencia. Así, ETA e outras organizacións

afíns mataron 11 persoas en 1977, 66 en 1978, 80 en 1979 e 96 en 1980, o ano con máis asasinatos terroristas en España durante a transición. Ao mesmo tempo que se ían logrando os principais fitos da democratización (a amnistía, a Constitución, os estatutos de autonomía) os terroristas redobran os seus esforzos para desestabilizar o proceso.

Neses anos (1975-1982) había determinadas minorías extremistas que non vían os seus rivais políticos como persoas con dereitos, senón como inimigos que había que eliminar para alcanzar os seus obxectivos particulares. O 23 de febreiro de 1981 sectores reaccionarios do Exército deron un golpe de Estado. Un dos seus principais pretextos foi os continuos atentados de ETA contra militares, policías, etc. Finalmente a democracia impúxose, pero a transición non foi unha etapa pacífica, senón que estivo axitada por fortes violencias.

ACTIVIDADE

Texto de Conchita Martín

Preséntase para a súa lectura e comentario un fragmento do testemuño de Conchita Martín «Preguntas que non sempre se formulan», que aparece na páxina web do Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo. Conchita, viúva do tenente coronel do Exército Pedro Antonio Blanco asasinado por ETA no ano 2000, relata a situación de ameazas nas que viviu:

«Eu vivía comodamente na miña pequena cidade castelá, cando meu pai quitou o bonequiño que lle identificaba no espello retrovisor do coche e a chapa da porta de casa (que era habitual ter). E é que todo iso o sinalaba potencialmente como obxectivo. Entón si, preguntei por que e miña nai foi quen contestou sen paixón, informándonos sucintamente de que todo garda civil podía ser obxecto de atentado terrorista. Moito máis tarde, cando casei cun oficial do Exército de Terra, entrei noutro estado de alerta e preocupación.

A medida que a ignominia ía en aumento, a nosa situación de liberdade ía encollendo, restrinxindo moito a nosa seguridade. Tanto meus fillos coma eu adaptámonos a iso. Empecei a levalos eu ao colexio, o coche gardábase nun garaxe e comprámonos unha lanterna enorme, que viaxaba sempre no maletiro. Cada mañá, cando saíamos, ou as fins de semana, camiño do noso club ás actividades deportivas dos nenos, ninguén subía ao coche sen que antes Pedro ou eu mirásemos os baixos con aquela entrañable lanterna, observado se as fechaduras das portas dianteiras tiñan signos de ser forzadas. Xamais se abría a correspondencia máis que no despacho, incluso as comunicacións do banco.

Con todo, teño que dicir que, aínda que eu non lle deixase levalos da man, non deixamos de facer o que tiñamos pensado facer. Nunca dixo que quedaba na casa, nin restrinxiu as tardes de compras, as reunións

con amigos. Sen querer, entramos a formar parte desa poboación que vivía dunha forma determinada, pero nada máis. Os meus fillos nunca se escandalizaron cando nos tombabamos no chan do garaxe, permanecendo eles a distancia coas súas carteiras ou cando llo vían facer a un veciño. Nin sequera cando estalaron bombas no noso barrio, que foron unhas cantas, e dalgunha maneira alteraban o seu quefacer diario. Eles xa sabían.

Por iso cando o feito nos alcanzou, as preguntas, as inquedanzas daqueles pequechos que eran entón, non podían catalogarse de habituais. Nunca preguntaron “por que? Por que a papá? Por que a nós?”».

ACTIVIDADE PROPOSTA

Tras ler esta pasaxe, pensa que significa estar ameazado por unha organización terrorista. Describe un día normal na vida dunha persoa ameazada. En que se tiña que fixar (mirar debaixo do coche, vivir nunha vivenda especial con maior seguridade, cambiar acotío de bar ou de restaurante, escoller outro camiño cada día para ir ao traballo, os seus fillos no colexio non podían contar o que facía seu pai ou súa nai...). Como lle podía afectar o feito de estar ameazado: medo, tensión, desconfianza, sentido do deber, etc.

Investiga no Mapa do Terror quen foi Pedro Antonio Blanco. Pescuda cantos empresarios e políticos foron asasinados por ETA no País Vasco e investiga sobre o asasinato dun deles. Por que cres que o mataron?

Na páxina web do Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo podes ler outros testemuños de vítimas.

SESIÓN

04



A principios da década de 1980 a democracia estaba consolidada en España. O golpe de Estado de febreiro de 1981 fracasara e iniciábase un camiño de integración europea e de modernización económica, social e cultural. Agora ben, a democracia tivo que seguir enfrontándose a diferentes ameazas terroristas.

A democracia facilita fórmulas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Neste sentido, o terrorismo era visto cada vez máis claramente como unha opción marxinal, propia de sectores extremistas. Os terroristas, con todo, aínda tiñan capacidade para provocar dor e para ameazar as liberdades de todos.

Bombeiros tentan acceder ao interior do aparcadoiro do centro comercial Hipercor tras o atentado de ETA (Barcelona, 19/06/1987). Fotografía: Agencia EFE.



A DEMOCRACIA

A principios da década de 1980 a democracia estaba consolidada en España. O golpe de Estado de febreiro de 1981 fracasara e iniciábase un camiño de integración europea e de modernización económica, social e cultural. Agora ben, a democracia tivo que seguir enfrontándose a diferentes ameazas terroristas.

A democracia facilita fórmulas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Neste sentido, o terrorismo era visto cada vez máis claramente como unha opción marxinal, propia de sectores extremistas. Os terroristas, con todo, aínda tiñan capacidade para provocar dor e para ameazar as liberdades de todos.

Ao longo da década de 1980, ETA provocou numerosas vítimas. Por exemplo, foi responsable dos atentados contra a casa-cuartel da Garda Civil de Zaragoza, cun balance de 11 asasinados (entre eles cinco nenos) e contra o supermercado Hipercor de Barcelona, que se saldou con 21 vítimas mortais (das que catro eran nenos). Este último foi o

maior masacre terrorista acontecido en España ata o 11-M.

Neses anos oitenta tamén fixo a súa aparición un tipo de terrorismo parapolicial, encadrado baixo as siglas GAL, Grupos Antiterroristas de Liberación. Algúns cargos públicos, policías e gardas civís estiveron implicados nesta trama ilegal. O seu propósito era combater ETA usando os seus mesmos métodos. Entre 1983 e 1987 os GAL cometeron 27 asasinatos. O seu caso

lémbraos que a loita antiterrorista debe respectar as regras do Estado de dereito para evitar igualarse co terrorismo que enfronta.

As Forzas e Corpos de Seguridade, actuando conforme a lei, detiveron a numerosos membros de ETA, incluíndo os seus sucesivos dirixentes, de tal maneira que a banda quedou moi debilitada xa nos anos noventa e, sobre todo, na primeira década do novo século.

Pero o século XXI estreouse con outra ameaza: o xihadismo. Este xa actuara con anterioridade en España, por exemplo mediante unha bomba contra o restaurante El Descanso, de Madrid, onde morreran 18 persoas. Pero agora volvía con virulencia, como demostraban os atentados do 11 de setembro de 2001 contra as Torres Xemelgas de Nova York, perpetrados pola organización Al Qaida, ou os ataques do 11 de marzo de 2004 en catro trens de Madrid, o maior masacre terroris-

Atentado dos GAL no sur de Francia, no que resultaron asasinados Christophe Mabikote e Catherine Brion, que non tiñan ningunha relación con ETA (18/02/1986). Fotografía: Luís Alberto García/El País.





Material incautado a un comando de ETA polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
Fotografía: Fidel Raso/Diario 16.



Manifestación convocada por Gesto por la Paz (Xesto pola Paz) para esixir a liberación de Julio Iglesias Zamora, empresario secuestrado por ETA. A cabeceira da marcha porta un gran lazo azul, símbolo que naceu nesas datas (Donostia, 12/09/1993). Fotografía: José Luis Nocito/El Correo.



Estado dun dos convois, na estación de Atocha de Madrid, tras as explosións rexistradas á primeira hora da mañá do 11 de marzo de 2004.
Fotografía: Sergio Barrenechea/Agencia EFE.

ta que tivo lugar en España, levado a cabo por células terroristas vinculadas a Al Qaida, como se declara probado na sentenza da Audiencia Nacional do 31 de outubro de 2007 ditada no proceso xudicial seguido por eses atentados. Fernando Reinares documenta que a decisión de realizar ese acto terrorista tomouse a finais de 2001 en Paquistán, no marco da estratexia de Al Qaida de ataques contra intereses occidentais.

O terrorismo islamita segue hoxe en activo en diferentes países do mundo. Recentemente España sufriu os atentados de Barcelona e Cambrils, cometidos o 17 de agosto de 2017. Mentres, esoutro terrorismo que marcou a histo-

ria de España durante varias décadas, o de ETA, cesou en 2011. O labor das Forzas de Seguridade, á que se uniu a resposta política, xudicial e social, reduciu a esa banda á mínima expresión.

En canto á resposta social ao terrorismo, o movemento pacifista xurdiu a mediados da década de 1980. Entidades como *Gesto por la Paz* (Xesto pola Paz) ou *Denon Artean-Paz y Reconciliación* convocaban concentracións silenciosas cada vez que se producía un novo asasinato. Centos de cidadáns, entre eles vítimas do terrorismo, participaban neses actos públicos. A pioneira AVT, *Asociación de Víctimas del Terrorismo*, nacera xa en 1981. Logo irían

creándose outros colectivos e fundacións, ata alcanzar a trintena que existe na actualidade. O seu labor céntrase nunha serie de demandas: xustiza, verdade, dignidade e memoria.

Nos anos noventa *Gesto por la Paz* ideou unha campaña para esixir a liberdade dos secuestrados por organizacións terroristas. Consistía en colocarse un lazo azul na roupa. Entre 1996 e 1997, o funcionario de prisións José Antonio Ortega Lara permaneceu 532 días en mans de ETA, encerrado nun zulo minúsculo e húmido. Este foi o secuestro máis longo que houbo en España, pero ao longo da súa historia ETA secuestrou a máis de 80 persoas.



Interior do zulo no que ETA mantivo encerrado a José Antonio Ortega Lara durante 532 días. Fotografía: Fidel Raso/Diario 16.



Á espera recibir o féretro de Miguel Ángel Blanco, os manifestantes axeonllados gritaban diante do concello de Ermua: «ETA, escucha, aquí tienes mi nuca» («ETA, escoita, aquí tes a miña caluga») (13/07/1997). Fotografía: Fidel Raso/Diario 16.

As principais manifestacións contra o terrorismo en España producíronse en torno ao secuestro e asasinato en 1997 do novo concelleiro de Ermua Miguel Ángel Blanco, a mans de ETA, e tras os atentados do 11-M. Nesas ocasións millóns de persoas saíron á rúa en cidades e pobos de toda España. Unha maneira de como os cidadáns expresaron o seu rexeitamento á violencia terrorista foi levantando as súas mans tinguidas de branco. Os manifestantes querían expresar así que, a diferenza dos terroristas, eles non tiñan as mans manchadas de sangue. Tras os atentados do terrorismo xihadista do 11 de marzo de 2004, o lazo negro foi a expresión do rexeitamento a tales atentados e de solidariedade coas vítimas.

O terrorismo, ademais das vítimas directas -mortos e feridos- e dos danos materiais, provoca a existencia doutro tipo de vítimas, os ameazados. ETA é o grupo que causou maior número de ameazados. Trátase de persoas que viviron coa angustia de sufrir un atentado, que en ocasións tiveron que abandonar a súa casa e a súa terra para poñerse a salvo noutra parte de España. Algúns ameazados éranos polo feito de pertencer a determinados colectivos que estaban no punto de mira de ETA (membros das FSE, cargos públicos de partidos constitucionalistas, intelectuais críticos co terrorismo, etc.). Outros formaban parte do grupo de ameazados por diversos motivos particulares,

como negarse a pagar a extorsión a ETA ou ser acusado polos terroristas de calquera cousa que lles facía merecedores dun ataque. A ameaza terrorista obrigou a vivir con protección policial durante anos a miles de persoas e a outras forzounas a abandonar a súa casa e mailo seu traballo para buscar seguridade noutra parte.

*En recordo das vítimas, alumnos do Colexio dos Dominicos de Madrid formaron o lema «NON MÁIS 11-M» no primeiro aniversario dos atentados (marzo de 2005).
Fotografía: José Huesca/Agencia EFE.*



ACTIVIDADE

Entrevista a Juan Carlos Cabrero Rojo e testemuño gravado de María Luisa Pérez

Preséntase para o seu comentario o fragmento dunha entrevista publicada na revista da *Fundación de Víctimas de Terrorismo* a Juan Carlos Cabrero Vermello, pai de Rodrigo, estudante de 20 anos de Enxeñería Informática falecido cando se atopaba nunha plataforma da estación de Atocha cando explotaron as bombas nun dos trens:

«Transcorreron xa 13 anos desde aquel fatídico día. Como lembra esas longas horas de angustia?»

Sentímolo saír da casa tentando non facer ruído, para non espertarnos. Como podíamos pensar que non era unha mañá máis, que non volveríamos velo? Decatámonos das explosións enseguida e chamámolo por teléfono. Apagouno e por iso pensamos que estaría en clase, pero cando me acheguei ata a facultade buscalo e comprobei que non chegara, o mundo véuseme encima. Os seus profesores e compañeiros estaban abatidos, súa nai e seu irmán aterrorizados e eu non sabía que podíamos facer, só agardar unha chamada súa. Pero iso nunca sucedeu. Percorremos hospitais, os arredores de Atocha e o posible camiño que fixera. Con todo, canto máis tempo pasaba sen noticias, peores eran os agoiros. A cidade estaba tola e as liñas telefónicas colapsadas, pero á hora de xantar, cando o transporte xa fluía case que con normalidade el seguía desaparecido, empezamos a ter medo. O que o noso cerebro e o noso corazón negaban, nin sequera podían concibir. Queríamos crelo salvo porque o seu tren non procedía de Alcalá de Henares, porque o imaxinabamos no tren de proximidades de Xetafe e pensabamos que as explosións do Pozo, Santa Eugenia e Téllez non podían afectalo. Mentres o buscabamos non seguimos as noticias e non soubemos ata a entrada da noite, cando volvemos a casa, que tamén houbera explosións na estación de Atocha. Entón comprendemos que o sorprenderan alí as malditas bombas xihadistas. Non tivemos confirmación ata o día seguinte, pola mañá. Foi unha noite negra e terrible.

“Preferiría ter sido eu quen estivese aquel día naquela plataforma”. Cantas veces o pensou?

Claro que o pensei mil veces naqueles días fatídicos, e millóns se chegamos ata hoxe. Sobre todo porque eu viña facendo o mesmo camiño só 20 minutos despois, porque levaba unha década seguindo exactamente ese mesmo traxecto: de Xetafe a Atocha, transbordo na vía 2 e viaxe ata Novos Ministerios. Por que el e non eu? Rodrigo tiña todo por descubrir e eu xa o tiña todo feito, ben podía marcharme no seu lugar. A súa nai e eu teríámonos cambiado sen dubidalo por el, era un mantra que nos repetiamos sen descanso un ao outro e que non nos servía de alivio por máis que o tentásemos. Pero ningún nos permite elixir. A vida é así de cruel».

O 11 de marzo de 2004 Madrid sufriu o peor atentado da historia de España. María Luisa Pérez estaba no tren que explotou na rúa Téllez. Ela non adoitaba tomar o tren de proximidade, pero ese día si que o fixo. Ve o seu testemuño en <http://avt.org/especiales/proyecto-testimonios/5>

ACTIVIDADE PROPOSTA

Comentar na aula as reflexións e sensacións que che producen os testemuños que acabas de ler ou escoitar. Poderías relacionar estes testemuños coa vida diaria na túa familia? Tenta poñerte na pel dun familiar directo dunha vítima de terrorismo. Que cres que sentirías ti? De que forma poderías axudalo?



Acto en memoria das vítimas do 11-M na estación de proximidade de Atocha, organizado pola Fundación de Víctimas del Terrorismo xunto a todos os colectivos, asociacións e fundacións de vítimas do terrorismo. Madrid, 18/03/2004. Fotografía: Ballesteros/Agencia EFE.




Tras os atentados xihadistas de Barcelona e Cambrils do 17 de agosto de 2017, nos que 16 persoas foron asasinadas, centos de cidadáns achegáronse ao paseo das Ramblas para deixar flores e candeas acesas en recordo das vítimas. Fotografía: Quique Garcia/Agencia EFE.

**PARA
SABER
MÁS**


HEHEHE

RECURSOS EN LIÑA




Arquivo do dó sobre o TIM. CSIC, Centro Superior de Investigacións Científicas

<https://www.youtube.com/watch?v=kt0r8JAz7UU>



AROVITE, Arquivo en liña sobre a violencia terrorista en Euskadi. Serie de publicacións *Escuela de Paz (Bakeaz)*

<http://www.arovite.com/es/fondo-bakeaz/escuela-de-paz/>



Asociación IIM Afectados Terrorismo. Trazos e puntadas para o recordo. Poemas
<http://asociacion11m.org/que-hacemos/trazos-y-puntadas-para-el-recuerdo/poemas/>



Asociación Víctimas del Terrorismo. Canle de Youtube con testemuños de vítimas
<https://www.youtube.com/user/avt>



Fundación Fernando Buesa Blanco. Materiais para unha educación en valores

<http://fundacionfernandobuesa.com/web/es/>



Fundación Miguel Ángel Blanco. Actividades de educación e web para o XX aniversario do secuestro e asasinato de Blanco

<http://www.fmiguelangelblanco.es/actividades/educacion/>

<http://xxaniversario.fmiguelangelblanco.es/>



Mapa do Terror. Fichas persoais de vítimas do terrorismo. COVITE, Colectivo de Víctimas del Terrorismo


<http://mapadelterror.com>




Memoria de vida. Homenaxe aos homes, mulleres e nenos asasinados pola banda terrorista ETA. proxecto de RTVE, Fundación Víctimas del Terrorismo e Universidad Rey Juan Carlos, con imaxes do fondo documental de RTVE.

<http://www.rtve.es/memoriadevida>

BIBLIOGRAFÍA



Alonso, Rogelio, Florencio Domínguez y Marcos García Rey: *Vidas rotas. Historia de los hombres, mujeres y niños víctimas de ETA*. Espasa Calpe, Madrid, 2010.




Baglietto, Pedro Mari: *Un grito de paz. Autobiografía póstuma de una víctima de ETA*. Espasa Calpe, Madrid, 1999.



Gálvez, Pepe: *11-M: la novela gráfica*. Panini, Xirona, 2008.



Gobierno de Navarra: *Convivencia en paz y terrorismo. Un tema de hoy*. Gobierno de Navarra, Pamplona, 2014.



Reinares, Fernando: *¡Matadlos! Quién estuvo detrás del 11-M y por qué se atentó en España*. Galaxia Gutenberg Círculo de Lectores, Barcelona, 2014.



ORIENTACIONES
PARA
**TRABALLAR
OS MATERIAIS**

MATERIA

Xeografía e Historia, 4º curso, segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.

VINCULACIÓN CO CURRÍCULO OFICIAL

Os contidos desta unidade didáctica vincúlanse co contido «A transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982)», o cal se atopa dentro do Bloque 8: O mundo recente entre os séculos XX e XXI.

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

OBXECTIVOS

Identificar as accións dos grupos terroristas.

Recoñecer as organizacións terroristas que actuaron en España diferenciando os seus períodos de actividade.

Valorar a resposta que se lle deu ao terror desde as institucións do Estado e a cidadanía.

Analizar os testemuños das vítimas do terrorismo.

CONTIDOS

Que é o terrorismo?

Accións e grupos terroristas durante o franquismo.

Accións e grupos terroristas durante a transición democrática.

Accións e grupos terroristas durante a democracia.

Respostas ao terrorismo desde as institucións.

Respostas ao terrorismo desde a cidadanía.

O terrorismo desde a perspectiva das vítimas.

ORIENTACIONES METODOLÓXICAS

Para conseguir os obxectivos expostos recoméndase, na medida do posible, que o alumnado xogue un papel activo indagando, analizando e debatendo sobre o terrorismo e algúns dos acontecementos máis relevantes.

Resaltamos cinco liñas básicas cos aspectos metodolóxicos desta proposta:

Coñecemento sobre a temática tratada.

Análise crítica da incidencia do terrorismo na esfera social.

Reflexión sobre o posición que cada un toma.

Toma de decisións sobre a intervención en distintas situacións onde poida xerarse violencia e conflito.

Estes catro eixos vertebran as liñas de acción docente. Con elas preténdese xerar un pensamento reflexivo e crítico respecto ás situacións de violencia e terrorismo no noso contexto.

ESTRUTURA METODOLÓXICA DAS SESIÓNS

Usaremos unha estrutura metodolóxica ao redor de cada un dos temas que segue un patrón común dividido en cinco apartados, adaptado das formulacións da Aprendizaxe por Indagación. As sesións sobre o contido tratado, «A transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982)», seguirán esta estrutura:

PREGUNTA

Esta fase está constituída por unha ou varias preguntas que guían o traballo a través do tema. Pretende promover o debate e a reflexión sobre o contido para tratar. Despois do debate, o profesor ou profesora realiza unha exposición teórica da temática que pode durar unha clase dunha hora.

INVESTIGA

Neste momento ofrécese ao alumnado unha serie de recursos (lecturas, presentacións sobre a temática do terrorismo) que estean recomendados e que axuden a entender e profundar nas preguntas propostas na fase anterior. Por exemplo, coñecer o contexto histórico dos feitos sucedidos.

CREA

Neste momento preséntaslle ao alumnado a elaboración dunha proposta práctica na que se apliquen os contidos traballados na fase anterior. Pode establecerse un conxunto de indicadores sobre do tipo de documento que hai que elaborar, así como as condicións de elaboración.

DISCUTE

Despois revísanse as propostas xeradas polo resto de compañeiros e xérase unha crítica construtiva que permita establecer unha mellora a cada trío ou grupo de traballo.

ALGUNHAS ACHEGAS PARA XERAR ACTIVIDADES CONCRETAS SOBRE O CONTIDO

Recoméndase facilitarlle información ao alumnado que permita realizar diferentes actividades de síntese e de análise relacionadas con:

Procura individual de noticias do período estudado relacionadas co tema.

Análise de diferentes cuestións sobre o contexto, os motivos para as accións terroristas, as consecuencias e as respostas institucionais e sociais.

Valoración crítica sobre distintos documentos xornalísticos ao redor dos feitos tratados.

Deseño de «liñas do tempo» a partir da información distribuída polo profesorado. Por exemplo, pode elaborarse un mural no que cada estudante vai colocando en orde cronolóxica información que responda a diferentes cuestións (contexto, suceso, grupo terrorista, consecuencias, respostas institucionais e sociais, declaracións das vítimas).

Comparación do terrorismo nos diferentes períodos estudados.

Análise da incidencia dos actos terroristas na vida dunha sociedade a través dos testemuños das vítimas.

Suxírense como posibles estruturas de sesións as seguintes:

Partir dun traballo previo dos estudantes a través de diferentes procuras e fontes de información: noticias, definicións, entrevistas a vítimas, documentais, etc.

Desenvolver unha listaxe de conceptos básicos que axuden os estudantes a contextualizar a situación.

Organizar o traballo en pequenos grupos para que respondan algunha cuestión exposta (contexto socio-político, grupos terroristas en diferentes períodos, actos terroristas, consecuencias, respostas sociais e institucionais) a partir da documentación entregada (noticias, textos ou fotos).

Posta en común, resolución de preguntas e debate para aclarar diferentes puntos de vista.

Sintetizar os aspectos máis relevantes abordados.

PROGRAMACIÓN

De acordo co que establece o Real Decreto 1105/2014, «A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico», polo que esta unidade deberá desenvolverse ao longo do último trimestre do curso.

Para o seu desenvolvemento completo dispórase de **4 sesións**.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E AVALIACIÓN

De acordo co establecido no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, o estándar de aprendizaxe que corresponde a esta unidade didáctica, extraído do bloque 8 (O mundo recente entre os séculos XX e XXI) é o seguinte:

3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): xénese e historia das organizacións terroristas, aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este estándar de aprendizaxe poderíase dividir, entre outros, nos seguintes criterios de avaliación:

Identifica as organizacións terroristas que actuaron en España, diferenciando os seus períodos de actividade.

Coñece as respostas institucionais e sociais dadas ante procesos de terrorismo.

Móstrase sensible cos testemuños das vítimas do terrorismo.

Participa activamente nos procesos de recollida, organización e análise de información (deixando constancia diso no seu portafolios), así como nos debates xerados a partir da mesma.

Achega solucións pacíficas argumentadas ao problema do terrorismo.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para poder realizar a avaliación do proceso de aprendizaxe, o profesorado e o alumnado poden dispor de diferentes rexistros no transcurso das actividades desenvolvidas:

Os documentos elaborados polo alumnado nos procesos de procura de información.

Os traballos realizados na aula (liñas do tempo, argumentacións sobre solucións pacíficas aos problemas de terrorismo, contestacións a diferentes preguntas expostas, etc.).

As exposicións nas postas en común e debates a partir dos traballos realizados.

Resultaría interesante que o alumnado fose elaborando con todos estes materiais un portafolios no que quedase constancia do proceso desenvolvido. O grao de elaboración formal e reflexiva deste portafolios suporía unha fonte adicional para a avaliación.

A avaliación final pode ser realizada de forma conxunta por docentes e alumnado a partir de diferentes criterios como, por exemplo:

Cumprimento das tarefas de recollida de información e organización da mesma:

- Nada
- Medio
- Totalmente

Coñecementos sobre o tema (contextos, grupos terroristas en cada período, consecuencias, respostas institucionais e sociais, ou declaracións das vítimas):

- Nada
- Algo
- Totalmente

Sensibilidade cara ás vítimas de terrorismo:

- Non comprende as consecuencias dun acto terrorista, veo como algo afastado que lles puido pasar a outras persoas pero que non lle afecta.
- Comprende as consecuencias dun acto terrorista e o cambio vital nas súas vítimas.

Achegas argumentadas e adaptadas ao contexto para a solución pacífica de conflitos de terrorismo:

- Ningunha.
- Algunha sen argumentar.
- Algunha sen adecuación ao contexto.
- Varias argumentadas pero non adecuadas ao contexto.
- Varias argumentadas e adecuadas ao contexto.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave que se van desenvolver con esta unidade son as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística, xa que será imprescindible para realizar as actividades relacionadas coa lectura comprensiva, a capacidade para producir textos así como unha axeitada expresión oral.

Competencia dixital, xa que será necesario empregar os medios tecnolóxicos de información e comunicación para completar algunhas das actividades.

Competencia social e cívica, pois o estudante deberá pórse no lugar da vítima para poder comprender a importancia da convivencia pacífica.

RECURSOS

Para o desenvolvemento desta unidade didáctica sería interesante dispor dunha aula cun canón de proxección e alt falantes.

Para o traballo cos textos é aconsellable a entrega de fotocopias, aínda que se pode optar por proxectar os textos, deles en voz alta e traballar co texto proxectado.

Algunha sesión podería facerse nunha aula de informática ou ben empregar ordenadores portátiles tipo Escola 2.0, se é que se dispón deles no centro.



